

*In memoriam*¹

Juan José Linz, 1926-2013

Laureano Xoaquín Araujo Cardalda

IES ARCEBISPO XELMÍREZ I, SANTIAGO DE COMPOSTELA, ESPAÑA

lauxac@gmail.com

aquella idea parida por el sociólogo Linz, hijo de madre dirigente de la Sección Femenina de que usted [Franco] no había sido «totalitario» sino «autoritario» ha causado estragos y ha lavado la cara a todos los que se la ensuciaron, impasible el ademán, más o menos firmes, cara al sol del amanecer y a la luna de tanto fusilamiento y tortura. Usted fue declarado material humano para la sanción de la historia y hoy tienen la sartén por el mango una raza de historiadores objetivos que reparten culpas repartibles y olvidan la culpa inicial de que usted empezó el tiroteo hasta el final de sus días, totalitario o autoritario, a usted le daba lo mismo, no hay mal que por bien no venga [...].

Manuel Vázquez Montalbán, *Autobiografía del general Franco*

Nos anos cincuenta do século XX, a ciencia política norteamericana orientouse cara aos estudos empíricos, nos que o método cuantitativo —preocupado pola obtención e o tratamento de datos— se puxo ao servizo da observación e da medición do comportamento individual. Aquela foi tamén a época na que a teoría política tradicional perdeu significación, na que a politoloxía, no medio dun ambiente de exacerbado anticomunismo, pretendeu “despolitizarse”, na que os estudos de política comparada pasaron a ocuparse de problemas empíricos tales como a democracia e o sistema político e na que proliferaron os autores acríticos enteiramente dedicados á descrición dos fenómenos políticos. Daquela apareceu nos EUA un bolseiro chamado Juan José Linz Storch de Gracia, quen acabaría desenvolvendo o groso da súa imponente carreira naquel país e chegaría a ser un dos científicos sociais máis influentes do século XX. Nado o 24 de decembro de 1926 en Bonn, de pai alemán —industrial— e nai española —membro dunha familia aristocrático-burguesa—,

1. Homenaxe encargada ao autor por parte do Consello de redacción de RIPS.

chegara a Madrid con cinco anos de idade. En 1937 trasladárase a Salamanca, que daquela era a capital da España nacionalista. Culminara brillantemente os seus estudos universitarios en Madrid e entrara en contacto coa *Conférence Olivaint*, unha organización católica de estudantes de ciencia política. En 1958 conseguiu unha bolsa do Goberno español e marchou para os EUA para estudar socioloxía. Morreu o 1 de outubro de 2013 en New Haven, Connecticut.

Linz foi un científico social enormemente prolífico, cuxa obra non ten parangón no campo da socioloxía política. De feito, pode ser considerado un dos pais fundadores da socioloxía histórica interpretativa. Salvador Giner cualifica o seu legado científico de *macrosocioloxía política na tradición conservadora e funcionalista norteamericana*. Linz comezou —mesturando dun xeito singular a socioloxía e a historia— con investigacións sobre as elites económicas franquistas. Despois dedicouse ao estudo do sistema político (con especial atención á variábel territorial) e da elite política de España. Os procesos de dexeneración das democracias e a tipoloxía dos réximes políticos tamén ocuparon un importante espazo na produción de Linz. Foron moitos os temas que este autor abordou, entre outros a socioloxía do fascismo, os procesos de transición cara á democracia, os sistemas de partidos políticos, o comportamento electoral ou a creba das democracias, así como, no que atinxe o caso español, a Restauración, a Segunda República, a transición política, o sistema autonómico, as elites ou os nacionalismos. Pero a súa achega científica e politicamente máis relevante foi a célebre distinción entre réximes autoritarios e totalitarios.

Linz chegou aos EUA en plena Guerra Fría, no momento no que o Goberno norteamericano decidira dotar dun aparato ideolóxico sólido a súa política exterior. A superpotencia empezaba a implementar unhas relacións internacionais centradas na estabilidade e na seguridade xeopolíticas, na gobernabilidade, no control dos movementos sociais e na prevención das dinámicas que puidesen desembocar en réximes comunistas. Para acadaren aquel obxectivo, os EUA puxeron en pé un sistema de alianzas que abranguíu tanto os réximes democráticos como as ditaduras anticomunistas, cuxa eventual evolución cara á democracia debía estar sometida a un estreito control. Favorecidos polo poder económico do seu país, os científicos sociais norteamericanos, dos que Linz pasou a formar parte, puideron ocupar as posicións dominantes no seu campo. Os repertorios que crearon foron doadamente canonizados, xa que respondían á presión exercida por un campo político que necesitaba modelos normativos que evitasen a desestabilización e a crise e lles marcasen o camiño a seguir aos Estados inmersos en procesos de transición. Os politólogos do *establishment* —entre os que hai que contar a Linz, mesmamente como un dos máis sobranceiros— dedicáronlle os seus esforzos á construción duns modelos que debían

apontoar a identidade colectiva estadounidense como a dunha nación libre e defensora dos dereitos humanos.

Os intentos de promover democracias auténticas convertéranse na principal preocupación dos EUA, porque ameazaban a estabilidade e a seguridade do seu sistema de alianzas. O concepto de *democracia* debía polo tanto facerse extensíbel, na visión do poder político estadounidense, a unha extraordinaria variedade de réximes represivos pero amigábeis. E foron os politólogos norteamericanos os que crearon os modelos que sistematizaron aquela demanda do campo político cando teorizaron a dicotomía, debida fundamentalmente a Linz —aínda que adiantada por Gabriel Almond e Herbert Matthews—, entre os réximes totalitarios —os comunistas— e os autoritarios como o español, cos que —por seren democratizábeis— é posíbel colaborar.

A tipoloxía dos sistemas políticos de Linz está considerada por varios autores como a súa máis grande contribución á ciencia política, até o punto de que a súa posición dominante no campo científico-social se debe, en boa medida, a este modelo, que acadou a condición de canónico. Por outra banda, esta tipoloxía podía servir obxectivamente para lexitimar o apoio ás ditaduras anticomunistas do sur de Europa, de América Latina e do sueste asiático. Obviamente, o modelo canónico está dotado dun importante compoñente normativo: os réximes autoritarios —como o franquista— podían evolucionar cara á democracia sempre que non puxesen en perigo os intereses xeoestratéxicos da superpotencia americana.

Os trazos básicos dos réximes autoritarios son, segundo Linz, o pluralismo limitado —a elite autoritaria non é homoxénea—, a desideoloxización —a carencia dunha ideoloxía asegura a lealdade dos elementos dispares dos que se compón a elite—, a desmobilización —a apatía política favorece a cohesión da elite— e o liderado político —o acceso ao poder prodúcese a través de distintas canles controladas pola dirección política—. Unha vez subsumida no tipo dos réximes autoritarios, a ditadura franquista descríbese como un réxime paternalista, benévolo, tolerante e preocupado pola orde e pola estabilidade, lonxe de calquera parentesco co fascismo.

A caracterización do réxime franquista como *autoritario* —sendo maioritaria— foi, con todo, cuestionada por algúns autores, que entenden que o formalismo funcionalista do modelo dominante é ahistórico, non permite reparar nos intereses de clase excluídos do pluralismo limitado e tampouco posibilita o estudo do réxime de Franco como unha ditadura da burguesía. Ademais, cando nega o carácter totalitario do réxime ditatorial franquista, o modelo conservador ignora o impacto do corporativismo nacionalcatólico, é dicir, o puntilloso intervencionismo ideolóxico da ditadura en todos os ámbitos da actividade humana, así como a súa pretensión de control total da sociedade a través do ensino, os medios de comunicación, a rede asociativa, etc. É dicir, a ditadura si se dotou dunha ideoloxía —o nacionalcatolicismo—,

da que precisaba para vertebrar os fragmentos ideolóxicos particulares de cada unha das súas *familias* e coa que procurou cohonestar o catolicismo co desenvolvemento capitalista, evitando os correspondentes perigos de revolución e de secularización. En definitiva, a subsunción do franquismo no modelo canónico dos réximes autoritarios induce unha visión permisiva desta ditadura europea do século XX, e non é quen de aclarar nin a súa función social nin tampouco a súa dimensión fascistizante. Un modelo alternativo ao canónico entendería o franquismo desde un enfoque de dominación de clase, como unha fórmula política sólida materializada nun réxime despótico —militar e fascistizado— da coalición política burguesa e reaccionaria dun país semiperiférico e semidesenvolvido, que se resistiu pola forza a perder a súa tradicional posición de preeminencia, e cuxo obxectivo foi o control total dos campos social, político e ideolóxico.

Calquera que se achegue á sofisticada obra de Linz ten que recoñecer a súa extraordinaria brillantez, que explica en boa medida o seu enorme éxito científico e político, certificado por numerosos premios e honores académicos e pola adhesión de toda unha lexión de politólogos e de sociólogos. Pero o impacto dos textos de Linz verificase tamén fóra do campo científico. É significativo, por exemplo, que Linz fose repetidamente citado nos medios de comunicación estadounidenses a propósito do *federal government shutdown* do outono de 2013, unha crise política propia do sistema presidencialista que el estudou. O Centro de Estudos Políticos e Constitucionais acaba de finalizar a publicación, en sete volumes, dunha ampla selección dos seus textos.

Santiago de Compostela, 23 de outubro de 2013.